

Barthes, traducido

VÍTOR VAQUEIRO

A Nosa Terra, número 1104, do 13 ao 19 de novembro de 2003

Chega ás miñas mans o exemplar de *A cámara clara. Reflexión sobre a fotografía* que vén de publicar Edicións Laiovento, con tradución de M^a Azucena Vázquez e Françoise Gauthier. Para quen cremos que o medio fotográfico supón moito máis que unha maneira –convencional como outra calquera– de representación da realidade para se converter nun medio de análise, nunha ferramenta de exploración, nunha alavanca –coa súa fracción de subxectividade– de coñecemento, nun medio de expresión, o aparecemento do texto do crítico francés na nosa lingua é motivo de ledicia. *A cámara clara* é un dos escritos basilares da fotografía do século pasado, ao pé de textos como *On the photography*, de Susan Sontag, *L'acte photographique*, de Philippe Dubois, *Kunst und Photographie*, de Otto Stelzer ou doutros de Aaron Scharf, John Pulz, Walter Benjamin, Serge Tisseron ou Rosalind Krauss. As persoas que hai un cuarto comezaban a se preocupar por cuestións relacionadas coa fotografía beberon afervoadamente as súas páxinas. Penso que foi Roland Barthes quen primeiro obrigou a reflectir na fotografía como unha pegada de morte, na subxectividade que o “obxectivo” conleva, no tema do dobre, na conceptualización do *studium* e o *punctum*, na posición do *Spectator*. Acostumo dicir que me resulta sorprendente o feito de que persoas dunha ampla cultura sexan perfectamente analfabetas no que atinxe á fotografía, un medio, para alén de tudo, que acho o máis xenuinamente representante do século XX. *A cámara clara* é unha magnífica oportunidade de comezar a desfacer ese analfabetismo. Non podo falar, como debería ser obriga de reseñador, da tradución. Non posúo –posuín a coedición de 1980 que me furtaron os amigos do alleo que tanto proliferan– o orixinal francés e, con iso, fica invalidada tal posibilidade. Alegra-me que, por poñer só un exemplo, se respeitara o título do orixinal francés –*La chambre claire*–, sen optar por ese *La cámara lúcida* español que sempre me resultou incomprensíbel. Ás avesas, houbera gostado dun maior distanciamento do español e unha maior adherencia ao texto portugués respetando, naturalmente, a nosa identidade. Por exemplo: “pormenor” por “detalle” ou freira (pensemos no apelido Freire) por monxa houbera-os considerado termos máis galegos. De todas maneiras só podo dar os meus parabéns a Edicións Laiovento, a Pancho Pillado, a Azucena e Françoise, que fixeron posíbel esta lectura, desexando que continúe o exemplo.